

The background consists of several large, overlapping triangles in various colors: red, orange, yellow, green, blue, and purple. The triangles are separated by thin white lines, creating a dynamic, geometric pattern.

GUÍA EXPLICATIVA

NORMATIVA
EN MATERIA
DE
ESPECTÁCULOS
PÚBLICOS

NORMATIVA

- .Lei 10/2017, do 27 de decembro
- .Decreto 82/2018, do 2 de agosto
- .Decreto 124/2019, do 5 de setembro
- .Orde do 23 de outubro de 2020
- .Decreto 98/2020, do 2 de xullo
- .Decreto 48/2021, do 11 de marzo
- .Decreto 226/2022, do 22 de decembro

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Espectáculos públicos e actividades recreativas sempre que se desenvolvan en establecementos ou espazos abertos ao público

.CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS,
ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESTABLECEMENTOS
ABERTOS AO PÚBLICO (DECRETO 124/2019)

EXCLUSIÓNS

- Actos e celebracións de carácter privado ou familiar que non teñan lugar en establecementos abertos ao público
- Actividades efectuadas no exercicio dos dereitos de reunión e manifestación

EXCLUSIÓNS



NON
LEI DE ESPECTÁCULOS



ÁMBITO DE APLICACIÓN



ESPECTÁCULOS PÚBLICOS



ACTIVIDADES RECREATIVAS



ESTABELECIMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO



ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO



ESPAZO DELIMITADO

Lugar de titularidade pública ou de propiedade privada onde ocasionalmente se leven a cabo espectáculos ou actividades que non dispoñan de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo e que se atopen debidamente acoutados con entradas e saídas perfectamente sinalizadas e superficie diferenciada.

COMPETENCIAS

COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Os espectáculos e actividades que se desenvolven en máis dun termo municipal
- Os espectáculos taurinos

CONCELLOS

- Os espectáculos e actividades que se desenvolven exclusivamente no termo municipal
- As aperturas de establecementos

FACULTADES DE INSPECCIÓN E SANCIÓN

XUNTA DE GALICIA – Exerce as función de inspección, control e sanción dos espectáculos e actividades que lle corresponde autorizar.

CONCELLOS – Exercen as función de inspección, control e sanción dos espectáculos e actividades que lles corresponde autorizar.

DEREITOS E OBRIGAS DOS ARTISTAS

ARTIGO 22 LEPARGA



DEREITOS E OBRIGAS DO PÚBLICO


ARTIGO 21 LEPARGA




DEREITOS E OBRIGAS DO ORGANIZADOR OU TITULAR DO ESTABLECIMENTO ARTIGO 23 LEPARGA



RÉXIME DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA



REGRA XERAL: DECLARACIÓN
RESPONSABLE



EXCEPCIÓN: LICENZA

SUPOSTOS DE LICENZA

1. Establecementos con capacidade superior a 500 persoas ou con especial situación de risco
2. Terrazas ao aire libre
3. Espectáculos e actividades de carácter extraordinario e sempre que requiran PAU
4. Montaxe de instalación sempre que requiran PAU
5. Espectáculos e actividades de competencia autonómica
6. Aqueles cuxa normativa específica exixa licenza (establecementos de xogo)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS QUE DEBEN CONSTAR

- ➔ Identificación do titular
- ➔ Tipo de establecemento ou espectáculo
- ➔ Localización do establecemento
- ➔ Data prevista de apertura ou de inicio do evento
- ➔ Sinatura do solicitante
- ➔ Organismo ao que se dirixe
- ➔ Manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa

DECLARACIÓN RESPONSABLE DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Autorización, informe ou declaración ambiental que proceda
- Proxecto ou documentación técnica que resulte exixible
- Seguro de responsabilidade civil
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do local ou espazo
- Certificado da ECCOM no caso en que proceda
- Documento de designación da persoa que asume a responsabilidade técnica da execución e que debe expedir a correspondente certificación

ATRACCIÓNS ITINERANTES DE FEIRA

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Documentación do artigo 40.2.b) da Lei 9/2013
- Contido do proxecto técnico:
 - Proxecto da atracción que recolla a información necesaria para a realización das inspeccións
 - Manual de funcionamento
 - Libro de reparacións

PROXECTO E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

Conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer ou seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. Deben ser asinados por persoa técnica competente.

TÉCNICO COMPETENTE

Todos aqueles que teñan a titulación e a cualificación necesaria por razón da materia de que se trate e tamén o que estea en posesión de calquera das titulacións académicas e profesionais de grao superior habilitante para a produción de espectáculos.

TÉCNICO COMPETENTE

Artigos 40.2.b) - 42.2.a)

Lei de emprendemento

Se o proxecto ou a documentación técnica incorpora referencias urbanísticas:

→ a persoa que estea en posesión de calquera das titulacións académicas ou profesionais habilitantes para a redacción de proxectos, así como para a subscripción de certificados

→ a persoa que sen posuír as titulacións académicas anteriores, acredítase a cualificación profesional necesaria para subscribir certificacións

DECLARACIÓN RESPONSABLE HABILITACIÓN

Habilita para o exercicio da actividade, para o desenvolvemento do espectáculo ou para a apertura do establecemento, desde a súa presentación.

A inexactitude, falsidade ou a omisión de calquera dato de carácter esencial, así como a non presentación da documentación necesaria determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade

DECLARACIÓN RESPONSABLE PRAZO DE PRESENTACIÓN



REGRA XERAL: NON EXISTE PRAZO MÍNIMO DE PRESENTACIÓN, PERO DEBE SER SEMPRE CON ANTERIORIDADE AO INICIO DA ACTIVIDADE



EXCEPCIÓN: INSTALACIÓNS PORTÁTEIS OU DESMONTABLES – DEBE PRESENTARSE CUNHA ANTELACIÓN DE 2 DÍAS HÁBILES ANTERIORES AO INICIO DA SÚA INSTALACIÓN OU MONTAXE

EXENCIONES

- ➡ A apertura de establecementos titularidade do propio concello
- ➡ Os espectáculos e actividades organizados polos concellos con motivo de festas e verbenas populares
- ➡ Os espectáculos e actividades que establezan as ordenanzas municipais como exentos de declaración responsable pola súa escasa entidade ou incidencia

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DE ESCASA ENTIDADE OU INCIDENCIA REQUISITOS

- Que teña lugar en establecementos ou espazos de capacidade inferior a 75 persoas.
- Que se trate de actuacións realizadas ao vivo por artistas, que non requira escenario desmontable, nin camerinos, nin medidas especiais de seguridade e insonorización.
- Que non supoña modificación da actividade para a que estea habilitado o local.
- Que non afecte ás condicións técnicas, de seguridade e de illamento acústico do local.
- Que non sexa susceptible de producir unha alteración na seguridade e condicións de evacuación nin un aumento da capacidade do local.
- Que non requira a montaxe de instalacións nin equipamento técnico extraordinario.

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

Aqueles que se desenvolvem esporadicamente em estabelecimentos legalmente habilitados para celebrar un espectáculo ou actividade distinta da propia do estabelecimento.

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

LÍMITES



Máximo 6 ao ano.



As programacións ou ciclos de máis dun día de duración, non se considerarán un mesmo espectáculo.



O establecemento debe reunir as condicións técnicas, de seguridade e de illamento acústico necesarias.



Informe técnico municipal ou certificado de ECCOM do cumprimento dos requisitos técnicos do local para o desenvolvemento da actividade.

FESTAS E VERBENAS POPULARES

Disposición adicional cuarta – Lei de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Requisitos: Que sexan organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas.

FESTAS E VERBENAS POPULARES DOCUMENTACIÓN



Declaración responsable asinada polo representante da agrupación ou comisión

(A declaración debe conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa: atraccións, orquestras, pirotecnia, carpas, etc)



Compromiso de contratación de seguro RC

Contía capital asegurado: 200.000 euros

FESTAS E VERBENAS POPULARES

EXENCIONES

- Dispositivos de vixilancia. Art. 13

Non se aplica ás festas e verbenas o apartado 6 relativo ás vías de circulación e o apartado 5 que fixa a ratio de vixilantes de seguridade. O resto de apartados si son aplicables

- Aseos. Art. 14

Non se aplica ás festas e verbenas populares

RÉXIME ESPECIAL ATRACCIÓNS ITINERANTES DE FEIRA

REGRA XERAL: DECLARACIÓN RESPONSABLE

EXCEPCIÓN: LICENZA. UNICAMENTE PARA OS SUPOSTOS EN
QUE REQUIRAN PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

RÉXIME DE HORARIOS

HORARIO DE APERTURA – Momento a partir do que se permite o acceso ás persoas usuarias

HORARIO DE PECHE – Momento a partir do cal non se permitirá o acceso de ningunha persoa usuaria, non se ofrecerá nin servirá consumición ningunha.

Deben quedar fóra de servizo a ambientación musical, as máquinas e demais aparellos de xogo, vídeo ou semellantes e os sinais luminosos e cesar as correspondentes actuacións.

RÉXIME DE HORARIOS APLICACIÓN

Aplicase a todos os establecementos, espazos, espectáculos e actividades que aparecen recollidas no Catálogo.

Ás instalacións eventuais, portátiles ou desmontables aplícaselle o mesmo réxime de horarios que o fixado para as instalacións permanentes, en función do tipo de actividade que se desenvolva nelas.

RÉXIME XERAL DE HORARIOS APERTURA

- ➡ Entre o horario de peche e a apertura seguinte deberá transcorrer un período mínimo de 4 horas.
- ➡ Os establecementos de lecer nocturno non poderán abrir antes das 12:00 horas da mañá.
- ➡ O resto de establecementos, así como os espectáculos e as actividades non poderán abrir antes das 6:00 horas da mañá.

RÉXIME XERAL DE HORARIOS PECHE

ARTIGO 5 DA ORDE DE HORARIOS DO 23 DE
OUTUBRO DE 2020

CON CARÁCTER XERAL ESE HORARIO
AMPLIARASE EN MEDIA HORA

- NOITES DO VENRES
AO SÁBADO
- NOITES DO SÁBADO
AO DOMINGO
- NOITES DO DOMINGO
AO LUNS
 - NOITES DAS
VÉSPERAS DOS DIAS
FESTIVOS
- NOITES DOS DÍAS
FESTIVOS

AMPLIACIÓNS DE HORARIOS

COMPETENCIA: Concello

MÁXIMO: 2 horas

ÁMBITO: Todo o termo municipal ou zonas concretas



SUPOSTOS DE AMPLIACIÓN POLOS CONCELLOS

-  Festas e verbenas populares
-  Entroido (desde o Xoves de Entroido ata o Mércores de Cinza)
-  Semana Santa (desde o Domingo de Ramos ata o Domingo de Resurrección)
-  Nadal (desde o 22 de decembro ata o 6 de xaneiro)
-  Espectáculos musicais de especiais características

REDUCIÓN DE HORARIOS

COMPETENCIA: Concello

MÁXIMO: 2 horas

ÁMBITO: Todo o termo municipal ou zonas concretas



SUPOSTOS DE REDUCCIÓNS DE HORARIOS



A localización en zonas ou áreas de alta concentración deste tipo de locais



A localización en zonas ou áreas residenciais



A localización en zonas ou áreas ambientais protexidas



A localización en zonas saturadas



A localización en zonas ou áreas nas que a actividade impida o dereito ao descanso da veciñanza

RÉXIME ESPECIAL DE HORARIOS ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN

ÁREAS DE SERVIZO DAS ESTRADAS,
AEROPORTOS, PORTOS, ESTACIÓN DE
FERROCARRIL E ESTACIÓN DE AUTOBUSES

ESTABLECEMENTOS DE HOSPEDAXE
POLÍGONOS INDUSTRIAIS
CENTROS SANITARIOS E TANATORIOS

O HORARIO FIXADO PARA O
ESTABLECEMENTO. UNICAMENTE
PARA O PERSOAL USUARIO DO
ESTABLECEMENTO. UNICAMENTE
BEBIDAS E ALIMENTOS PARA
CONSUMO INMEDIATO. PROHIBIDO
BAILES E MÚSICA.

RÉXIME ESPECIAL DE HORARIOS DETERMINADOS ESTABLECEMENTOS



Municipios turísticos

- Competencia: CONCELLO
- Máximo: 2 horas
- ACTIVIDADES: RESTAURACIÓN, OCIO E ENTRETENIMENTO



TODOS OS MUNICIPIOS

- Competencia: CONCELLO
- Máis de 2 horas por períodos determinados e circunstancias excepcionais
- MUSEOS E BIBLIOTECAS



TODOS OS MUNICIPIOS

- Competencia: CONCELLO
- Máis de 2 horas en circunstancias excepcionais
- ACTIVIDADES DEPORTIVAS

CÁLCULO DA CAPACIDADE

ESTABLECEMENTOS

ESPAZOS

CÓDIGO
TÉCNICO
DA
EDIFICACIÓN

2 PERSOAS
POR CADA M²
DE ESPAZO
COMPUTABLE

CÁLCULO DA PREVISIÓN DE ASISTENCIA

ÓRGANO COMPETENTE:

CONCELLO
XUNTA DE
GALICIA

- Nº de asistentes en ocasións anteriores
- Nº de participantes no evento
- Datos de previsión de asistencia que facilite o organizador
- Nº de entradas e abonos

ASISTENCIA SANITARIA ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO

- Ata 500 persoas e altura de evacuación inferior a 28 metros: caixa de primeiros auxilios.
- 500 a 1.000 persoas e altura de evacuación inferior a 28 metros: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI e lugar sinalizado para prestar asistencia sanitaria.
- A partir de 1.000 persoas ou edificios cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros: caixa de primeiros auxilios, lugar sinalizado para prestar asistencia sanitaria, 1 DEA e 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA.

ASISTENCIA SANITARIA

ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO DELIMITADOS

- Menos de 1.000 persoas: caixa de primeiros auxilios.
- Entre 1.000 e 5.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI e lugar sinalizado para a prestación da asistencia sanitaria.
- Espazos delimitados entre 5.001 e 10.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI, lugar sinalizado para a prestación da asistencia sanitaria e 1 ambulancia clase B.
- Espazos delimitados entre 10.001 e 20.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI, lugar sinalizado para a prestación da asistencia sanitaria e 2 ambulancias clase B.
- Espazos delimitados mais de 20.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI, lugar sinalizado para a prestación da asistencia sanitaria, 2 ambulancias clase B e 1 ambulancia clase C.

ASISTENCIA SANITARIA ESPAZOS NON DELIMITADOS

- Ata 10.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI e lugar sinalizado para a prestación da asistencia sanitaria.
- Entre 10.000 e 20.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI, lugar sinalizado para a prestación da asistencia sanitaria e 1 ambulancia clase B.
- Entre 20.001 e 30.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI, lugar sinalizado para a prestación da asistencia sanitaria e 2 ambulancias clase B.
- Máis de 30.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI, lugar sinalizado para a prestación da asistencia sanitaria e 1 ambulancia clase C.



DISPOSITIVOS DE VIXILANCIA

Todos os espectáculos: Persoal suficiente ou sistemas tecnolóxicos para identificar as emerxencias. Tamén contar cun plan de emerxencia.

Eventos máis de 2.000 persoas: Persoal necesario para:

- Previr e identificar as emerxencias
- Garantir evacuación ou confinamento
- Poñer en práctica as medidas de seguridade.

Eventos máis de 5.000 persoas :Posto de mando avanzado e comunicación á AXEGA

RATIO VIXILANTES DE SEGURIDADE

ASISTENTES SENTADOS

1 VIXILANTE POR CADA 1.000 ASISTENTES

ASISTENTES DE PÉ

1 VIXILANTE POR CADA 1.000 ASISTENTES AUMENTANDO A 2 VIXILANTES POR CADA 1.000 ASISTENTES A PARTIR DOS 2.000 PRIMEIROS

NON SE APLICA ÁS FESTAS NIN ÁS VERBENAS POPULARES

VÍAS DE CIRCULACIÓN EN ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO



IGUAL OU INFERIOR A 500 PERSOAS
1 VÍA DE CIRCULACIÓN



ENTRE 501 E 1.000 PERSOAS
2 VÍAS DE CIRCULACIÓN



SUPERIOR A 1.000 PERSOAS
4 VÍAS DE CIRCULACIÓN

NON SE APLICA ÁS FESTAS NIN ÁS
VERBENAS POPULARES

ASEOS ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO

ATA 500 PERSOAS E
MÁIS DE 90 MINUTOS
DE DURACIÓN
3 ASEOS E 1 ACCESIBLE

501 A 1.000 PERSOAS
MÁIS DE 90 MINUTOS
4 ASEOS E 1 ACCESIBLE

1.001 E MÁIS DE 90
MINUTOS
1 ASEO ADICIONAL
POR CADA 500
PERSOAS

NOS ASEOS DE HOMES
E MULLERES DEBERÁ
EXISTIR CAMBIADORES
PARA BEBÉS

NON SE APLICA ÁS
FESTAS E VERBENAS
POPULARES

RÉXIME XURÍDICO DAS PERSOAS MENORES DE IDADE

SALAS DE FESTAS E DISCOTECAS



Prohibida a entrada a menores de 18 anos agás que estean acompañados dos pais ou nais ou titores/as legais, acolledores/as ou gardadores/as legais ou de feito.

RÉXIME XURÍDICO DAS PERSOAS MENORES DE IDADE

ESTABLECEMENTOS DE XOGO:

CASINOS

SALAS DE BINGO

SALÓNS DE XOGO

TENDAS DE APOSTAS

PROHIBIDA A ENTRADA DE MENORES DE 18 ANOS



RÉXIME XURÍDICO DAS PERSOAS MENORES DE IDADE

ESPECTÁCULOS
TAURINOS EN RECINTOS
PECHADOS



PROHIBIDA A ENTRADA
A MENORES DE 12
ANOS

DEREITO DE ADMISIÓN

- LÍMITES DO ARTIGO 13 DA LEPARGA
- Non se pode prohibir a entrada de menores a ningún establecemento ou espectáculo fóra dos especificados na normativa.
- Follas de reclamacións.
- Exercer o dereito de admisión vulnerando os seus límites: **Infracción grave** – competencia municipal.
- **Comunicación voluntaria** ao concello.
- No caso de existir condicións de admisión = obriga de constar no cartel informativo.

SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

PERSOAS OBRIGADAS

- Titulares de establecementos
- Organizadores de espectáculos e actividades en espazos ao aire libre
- Organizadores de espectáculos e actividades en establecementos nos supostos de actuacións de carácter extraordinario

CAPITAIS MÍNIMOS ASEGURABLES

- Depende de:
 - a) se se trata dun espectáculo público ou dunha actividade recreativa
 - b) de onde se celebre: establecemento, espazo aberto delimitado ou espazo aberto non delimitado
- Contías mínimas
- Regras particulares: cálculo da previsión de asistencia. Instalacións portátiles ou desmontables. Coeficiente redutor de ata un 30%

DOCUMENTACIÓN

- A) Nos supostos sometidos a declaración responsable ou autorización: póliza RC e o recibo de pagamento ou certificado da compañía aseguradora ou do axente de seguros.
- B) Nos supostos sometidos a licenza: compromiso de contratación do seguro

ENTRADAS E ABONOS

LÍMITES PREZO ENTRADA

- Prezos diferentes en función da orixe, nacemento, sexo, relixión, opinión, discapacidade, orientación sexual, etc = NON
- Prezo superior ao anunciado na publicidade = NON

CONDICIÓNs DE VENDA

- Todos os asistentes computan aos efectos do cálculo da capacidade.
- Non pode iniciarse a venda ata que teña sido presentada no concello a correspondente solicitude de autorización ou declaración.
- O número de entradas non pode superar á capacidade.
- PROHIBIDA A REVENDA.

ENTRADAS E ABONOS CANCELACIÓNS E REEMBOLSOS

SUPOSTOS DE REEMBOLSO

- Supostos de cancelación, suspensión ou cambio de data antes do comezo do evento.
- Cando o usuario non poida entrar a desfrutar do evento ou cando non poida facelo en condicións de accesibilidade, igualdade ou inclusión por causa do organizador.
- Supostos de modificación cando afecte á identidade do artista ou características principais do evento, agás que xa tivese comezado ou que se trate de forza maior.
- Supostos de suspensión de xeito sobrevido unha vez iniciado agás forza maior ou que non teña transcorrido 1/3 do tempo previsto de duración e que non estivese previsto continuar co espectáculo nesa mesma data.

INSTALACIÓNS PORTÁTILES OU DESMONTABLES



INSTALACIÓNS PORTÁTILES OU DESMONTABLES


CONDICIÓNS QUE DEBEN CUMPRIR

- Condicións de seguridade consonte o artigo 7 da LEPARGA
- Normas UNE -EN citadas polo Decreto 226/2022, do 22 de decembro
- Medidas en materia de evacuación do Documento Básico de seguridade no caso de incendio e na epígrafe de accesibilidade no Documento Básico de seguridade de utilización e accesibilidade nos casos especificados.
- Plan de autoprotección e Plan de emerxencia cando o exixa a normativa de aplicación.
- Medidas específicas para cando as saídas estean conformadas por unha apertura na propia lona ou entoldado vertical de pechamento.
- Concluída a instalación e antes da súa posta en funcionamento – presentar certificación de instalación ou montaxe subscriba por técnico competente ou por unha ECCOM

ACTUACIÓNS DE INSPECCIÓN E COMPROBACIÓN ATRACCIÓNS ITINERANTES DE FEIRA



REVISIÓN DA SOLIDEZ E
SEGURIDADE ESTRUTURAL




REVISIÓN DA INSTALACIÓN:
Sistema eléctrico, hidráulico e
pneumático e protección de
incendios




PROBAS DE
FUNCIONAMENTO


ACTUACIÓNS DE INSPECCIÓN E COMPROBACIÓN ATRACCIÓNS ITINERANTES DE FEIRA



REQUISITOS DE ACCESO



REQUISITOS DE IMAXE E
LINGUAXE NON SEXISTA



Presenza dun operador
principal durante o
funcionamento da atracción

REXISTRO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS



REXISTRO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS OBJECTO DE INSCRICIÓN

- Empresas dedicadas ao desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas especificadas no Catálogo
- Establecementos dedicados ao desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas especificadas no Catálogo
- Instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de ser utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos e actividades

REXISTRO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN

QUEN DEBE COMUNICAR OS DATOS?:
OS CONCELLOS

PRAZO MÁXIMO: 19.04.2023

ESTABLECEMENTOS NOVOS OU MODIFICACIÓNS A
PARTIR DO 19.04.2023: REMISIÓN DE COPIA DA
LICENZA OU DECLARACIÓN RESPONSABLE

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN EN MÁIS DUN TERMO MUNICIPAL

ÁMBITO DE APLICACIÓN


- Probas deportivas
- Andainas
- Rutas motoristas
- Marchas ciclistas
- Eventos con vehículos clásicos
- Outras

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN EN MÁIS DUN TERMO MUNICIPAL


EXCLUSIÓN

- ➔ Excursións, andainas, rutas de sendeirismo, etc organizadas polos centros educativos para o seu alumnado
- ➔ Peregrinacións organizadas por entidades ou asociacións de carácter social, cultural ou relixioso para os seus membros
- ➔ Actividades de carácter deportivo, turístico ou cultural, organizadas por entidades ou colectivos para os seus membros e con menos de 50 participantes

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN EN MÁIS DUN TERMO MUNICIPAL



DXEI – EVENTOS EN MÁIS DUNHA PROVINCIA



XEFATURA TERRITORIAL – EVENTOS EN MÁIS
DUN MUNICIPIO DUNHA ÚNICA PROVINCIA

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES EN MÁIS DUN TERMO MUNICIPAL

CARÁCTER NON COMPETITIVO

DOCUMENTACIÓN

Solicitude - PR477A

Prazo de presentación: 30 días

Memoria descritiva

Cartel ou programa

Título habilitante para as instalacións portátiles ou desmontables

Seguro de RC

Taxa administrativa

Relación de persoal de vixilancia

Disponibilidade dos terreos

Cumprimento de medidas de seguridade

Plan de autoprotección (nos supostos en que proceda)

Cumprimento da Instrución 2/2018, do 26 de marzo de instalacións eléctricas temporais de baixa tensión

Informes dos concellos

Informe da Xefatura Territorial de Tráfico (cando proceda)

Declaración responsable de prestación de servizos sanitarios (Decreto 226/2022, do 22 de decembro)

ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES EN MÁIS DUN TERMO MUNICIPAL **CARÁCTER COMPETITIVO** **DOCUMENTACIÓN**

- A MESMA DOCUMENTACIÓN QUE PARA OS EVENTOS DE CARÁCTER NON COMPETITIVO
- PÓLIZA DE SEGURO DE ACCIDENTES COAS COBERTURAS DO SEGURO OBRIGATORIO DEPORTIVO
- DECLARACIÓN RESPONSABLE SERVIZOS SANITARIOS (Decreto 98/2020, do 2 de xullo)



ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES EN MÁIS DUN TERMO MUNICIPAL

SERVIZOS SANITARIOS

CARÁCTER NON COMPETITIVO

Os servizos sanitarios exixidos polo art. 12 do Decreto 226/2022, do 27 de decembro e polo Decreto 172/2022, do 6 de outubro, segundo corresponda en cada caso en virtude da capacidade do establecemento ou espazo ou da previsión de asistencia

CARÁCTER COMPETITIVO

- Regra xeral:

1 ambulancia e 1 médico

- Máis de 750 participantes:

2 médicos, 2 ambulancias

Engadirase 1 ambulancia e 1 médico máis por fracción suplementaria de 1.000 participantes